

RESOLUCIÓN reitoral do 27 de marzo de 2025 pola que se publica a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión desta universidade no ano 2025 no campus de Pontevedra

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

1. Aprobar a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de cursos de Extensión en 2025 no campus de Pontevedra (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>)
2. As persoas solicitantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico, para emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión. quen dentro do prazo sinalado non emende a exclusión ou alegue a omisión, xustificando o dereito a ser incluído/a na relación de solicitudes admitidas, será definitivamente excluído/a do proceso.
3. Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación xustificativa de emenda a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante do procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO**Cursos extensión 2025- Solicitudes excluídas a trámite – Campus Pontevedra**

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto	Motivo exclusión
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D	3
Francisco Javier Fernández Abreu	Gravación e produción musical	1 / 2
Iria Vázquez López	Profesionalización e sustentabilidade no ámbito artístico (II)	4

Motivos de exclusión:

Número motivo	Lenda motivo exclusión	Documentación a presentar para subsanación
(1)	Anexo II- Apartado B: “Ingresos por matrículas”, cálculo erróneo	Presentar o Anexo II incluíndo a rectificación do importe de ingreso por matrículas Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior. <i>Exemplo de cálculo: 30 (prazas ofertadas) x 70% = 21 alumnos mínimo</i> <i>Ingreso por matrícula: 21x 0,7x 60 euros = 882</i>
(2)	Anexo II- Apartado A: “Programa do curso”. A data de celebración non pode superar ás 19.00 horas xa que no mes de xullo os centros da UVigo pechan ás 19.00 horas.	Presentar o Anexo II realizando a corrección correspondente
(3)	Secretaría do curso: ten que ser membro do colectivo de persoal técnico e de xestión de administración e servizos (PTSXAS)	Presentar o Anexo I cumprimentando os campos “Datos da secretaría do curso” Presentar o Anexo II incluíndo a remuneración da secretaría. Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior
(4)	Anexo I. Redución prezo matrícula a persoas alleas á Comunidade UVigo	Presentar o convenio entre a entidade A Colectiva, Asociación Profesional de Artistas de Galicia e a UVigo.

